

APROBA PRIMEIRO

Maurice Pialat, 1978

1564

ESTREA EN NUMAX: 01.08.2025 | V.O.S.E. | +16 | 86 min

Nunha cidade do norte de Francia, uns cantos adolescentes ven achegarse o exame de bacharelato cunha ansiedade atemperada pola indiferenza. Para eles é un ano de conflitos cos adultos e cos seus mestres, que ven o exame como un pasaporte ao traballo. Máis ben un pasaporte ao paro, pensan os desilusionados mozos.

«Os seus filmes sempre están vivos. Dáche a sensación de que as cousas pasan de verdade. Iso que é tan difícil de conseguir no cinema, que a vida suceda.»

Jonás Trueba, CADENA SER



Entrevista con Jean-Pierre e Luc Dardenne: «No cinema de Pialat o peso dos corpos (que tamén pode ser lixeireza) é esencia»

Cal é a vosa relación como espectadores co cinema de Pialat? Jean Pierre: O meu primeiro recordo de Pialat é Sandrine Bonnaire en *Aos nosos amores*. Vin a película cando se estreou, en 1983, e marcoume até o día de hoxe. Por aquel entón aínda non eramos cineastas; o meu irmán e eu rodamos un documental *A Meuse pour mémoire*, a historia do movemento obreiro na rexión na que viviamos, interesábanos o vídeo como forma de toma de conciencia, como memoria. O impacto deste filme viña da súa construción: o personaxe, Suzanne, en lugar de estar rexistrado nunha narración, predominaba sobre a estrutura da historia.

Luc: Para min o recordo máis forte de *Aos nosos amores* é a cor vermella. Non sei a que se debía, pero había algo co vermello. Pialat traballa como un pintor, por capas: avanza, párase, retoma. Coma se para el o mundo humano fose algo espeso, enigmático, e houbese que ir por capas, quitando ou engadindo. Hai no seu cinema unha traxedia que lles falta aos cineastas franceses desa xeración: a Nouvelle Vague non sabe que é o trágico.

Cal é a vosa relación como cineastas coas películas de Pialat? Jean-Pierre: No seu cinema o peso dos corpos (que tamén pode ser lixeireza) é esencial. Iso tamén nos afecta, á nosa maneira. Está presente en todas as súas películas, pero penso en *Aproba primeiro*: o grupo de mozos que filma non é unha idea, é unha encarnación. É algo que me obsesiona cando volvo velo. Co meu irmán converteuse nunha especie de ritual supersticioso cando preparamos as nosas películas. Vemos as películas de Pialat, como algúns poñen sempre a mesma chaqueta, porque deciden que na vez anterior funcionou. É unha cuestión de atmosfera.

Luc: Falamos del a miúdo. É algo que nos acompaña, que está en nós. Pialat estivo sempre moi próximo a algo da infancia, como Truffaut, pero dunha maneira moi diferente. Algo da infancia traballa os personaxes, n' *O neno*, en *Loulou*. Impresionoume moito *A infancia espida*, ese neno, François, que non consegue facer que o queiran. Está esa escena na que mata o gato: Pialat consegue mostrar como personaxes prisioneiros (porque nunca o explica, e é iso o formidable) non conseguen expresar o seu amor se non é con xestos de odio. Ese caleixón sen saída do amor que non chega a dicirse e a ser recoñecido produce grandes emocións en Pialat. É certo que son problemáticas próximas das do noso filme *O fillo*. Cando eliximos o actor acordámonos del.

Que escena, plano ou diálogo das súas películas vos marcou especialmente? Jean-Pierre: A imaxe dos mozos no bar en *Aproba primeiro*. Non sucede nada, están apoltronados no banco e parecen un banda de canciños que se dan calor os uns aos outros. Fuman, esperan que pase o tempo, abúrrense en provincias, esperan a empezar a vivir.

Luc: A escena que máis me marcou é, n' *A infancia espida*, cando François está só na súa cama. As escenas con camas, con sabas, son sempre extraordinarias en Pialat. Filma a François coma se, estando só, ao fin atopase unha nai. Coma se o arrolase a nai. O desexo de amor que hai en todos os personaxes de Pialat só se satisfai cando están sós.